



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE SILLEDA E A DIOCESE DE LUGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS DE REPARACIÓN E RESTAURACIÓN NO CONXUNTO DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO, SILLEDA (PONTEVEDRA)

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura el Turismo,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co Concello da Silleda e a Diocese de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata a data de finalización das obras obxecto do mesmo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o concello de Silleda e a Diocese de Lugo para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a realización de varias actuacións de reparación e restauración no conxunto do mosteiro de Carboeiro, Silleda (Pontevedra)**

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Dentro das liñas de actuación en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural sinaladas no seu programa de obxectivos, a citada consellería realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de reparación e restauración no conxunto do mosteiro de Carboeiro, xa que nos últimos anos, debido á falta de mantemento e conservación, producíronse diversos danos, en especial os relativos a filtracións de auga polas cubertas da igrexa e das antigas dependencias monacais e a colonización vexetal do muro leste do conxunto monacal.

Este convenio de colaboración non comporta obrigas financeiras, xa que estas xurdirán coa tramitación do expediente de licitación.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as obras previstas para o mosteiro de Carboeiro van evitar que continúe deteriorándose este ben e polo tanto impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

